

Entidade de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.		
Denominación do expediente:	Auditoría de contas anuais de SPI Galicia, SA para os exercicios 2023, 2024 e 2025		
Ref. Expediente:	ATSP230101	Contrato harmonizado:	Non
Tipo contrato:	Servizos	Tipo tramitación:	Ordinaria Lotes: Non
Procedemento:	Aberto Simplificado	Forma adxudicación:	Pluralidade de criterios
CPV:	79212300-6	Servizos de auditoría legal de contas.	
Importe licitación IVE:	34.471,92 €	Prazo execución:	Desde a firma do contrato ata a data límite do depósito das contas do ano 2025 (30 de xullo 2026)

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de Contratación.
2. Exame do informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en baixa desproporcionada
3. Valoración das ofertas admitidas ao procedemento.
4. Acordos da mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	29/11/2023	Hora:	09:00 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, a Presidenta declara constituída a Mesa de Contratación para proceder á proposta de adxudicación do expediente que se referencia.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES	
CARGO	NOME E APELIDOS
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

Como consideración previa aos actos a realizar na presente sesión e de conformidade co previsto no artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), cada un dos membros da mesa de contratación constituída declaran expresa e individualmente baixo a súa propia responsabilidade que non concorre neles ningún conflito de interese que poda comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento, así como de que se comprometen a poñer en coñecemento do órgano de contratación, de forma inmediata, calquera potencial conflito de intereses que poda producirse durante o desenvolvemento do procedemento de adxudicación.

2. EXAME DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS INCURSAS EN BAIXA DESPROPORCIONADA

Visto o Informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en baixa desproporcionada, a empresa SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES S.L.P. presenta dentro do prazo concedido de 5 días hábiles a xustificación pero considérase, de conformidade co informe técnico, que non xustifica a oferta presentada e a empresa INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P. non presenta dentro do prazo concedido a xustificación da súa oferta.

3. VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS AO PROCEDEMENTO.

Feita a calificación das proposicións económicas, e estudadas e valoradas as ofertas, das empreseas admitidas a esta fase do concurso, unha vez sumadas as calificacións dos criterios de valoración automática, obtiveron a seguinte puntuación:

LICITADOR	Puntuación económica	Experiencia equipo auditor > 5 anos	Criterios conciliación	Puntuacion total
NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.	82,00	8,00	10	100,00
NETADIA EUROPA, S.L.P.	79,15	8,00	10	97,15
AUDITA 2 PRADILLA, S.L.P.	77,00	8,00	10	95,00
AUDITORES ASOCIADOS AAGC.S.A.P.	74,86	8,00	10	92,86
BM NEIRA AUDITORES, SLP	73,79	8,00	10	91,79
K4 IBERICA AUDITORES, S.L.P.	70,58	8,00	10	88,58
AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.	50,24	6,40	10	66,64
KPMG AUDITORES, S.L.	10,63	8,00	10	28,63

4. ACORDOS DA MESA.

1. Propoñer ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada polo licitador SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES S.L.P. ao considerar, dacordo co informe técnico, que non xustificou a viabilidade da súa oferta e da empresa INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P. por non ter presentada a xustificación da viabilidade da súa oferta dentro do prazo concedido.
2. A Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato á empresa **NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.**, por un importe **de dezasete mil euros (17.000,00 €) IVE non incluído**, por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo e requerirille para que achegue a documentación correspondente.

Documentos anexos á presente acta: 1) Cadro coas puntuacións totais obtidas por todas as ofertas admitidas. 2) Informe técnico relativo ás xustificacións das empresas incursas en valores anormais ou desproporcionados.

Logo de tratados todos os puntos da orde do día, dáse por terminado o acto pola Presidenta, e para que quede constancia, esténdese a presente Acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación. Unha vez manifestada a conformidade co contido da acta polos anteditos membros da Mesa de Contratación, asínase dixitalmente pola Presidenta e o Secretario .

Presidenta da Mesa

Secretario da Mesa

Angela Bouzada Valverde

Juan Carlos Vence Lamas

CLAVE SERVICIO	ATSP230101					
DENOMINACIÓN						
ATSP230101- Auditoría de contas anuais de SPI Galicia, SA para os exercicios 2023, 2024 e 2025						
PRESUPOSTO CONTRATA	34.471,92 €					
DESGLOSE Puntuación	82	8	10			PUNT. TOTAL
RELACIÓN EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA	EXPERIENCIA EQUIPO AUDITOR	CRITERIOS CONCILIACIÓN			
			FLEXIBILIDADE HORARIA	REDUCCIÓN DE XORNADA	MELLORAS PERMISOS ESTABLECIDOS	
			2,5	2,5	5	
K4 IBERICA AUDITORES, S.L.P.	18.600	17	SI	SI	SI	88,58
	70,58	8	2,5	2,5	5	
AUDITA 2 PRADILLA, S.L.P.	17.700	10	SI	SI	SI	95,00
	77,00	8	2,5	2,5	5	
BM NEIRA AUDITORES, SLP	18.150	11	SI	SI	SI	91,79
	73,79	8	2,5	2,5	5	
KPMG AUDITORES, S.L.	27.000	32	SI	SI	SI	28,63
	10,63	8	2,5	2,5	5	
NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.	17.000	19	SI	SI	SI	100,00
	82,00	8	2,5	2,5	5	
AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.	21.450	8	SI	SI	SI	66,64
	50,24	6,4	2,5	2,5	5	
AUDITORES ASOCIADOS AAGC.S.A.P.	18.000	10	SI	SI	SI	92,86
	74,86	8	2,5	2,5	5	
NETADIA EUROPA, S.L.P.	17.400	15	SI	SI	SI	97,15
	79,15	8	2,5	2,5	5	

INFORME DE OFERTAS EN PRESUNCIÓN DE TEMERIDADE.

Con data 8 de novembro de 2023 procedeuse a apertura do sobre único das ofertas presentadas no expediente ATSP230101 "Auditoría de contas anuais de SPI Galicia, SA para os exercicios 2023, 2024 e 2025".

Unha vez comprobado que todos os licitadores cumpren os requisitos para poder participar no procedemento, procédese a analizar as propostas recibidas.

As ofertas presentadas son:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	EXPERIENCIA EQUIPO AUDITOR	CRITERIOS CONCILIACIÓN		
			Flex. horaria	Reduc. da xornada	Mellora permisos
K4 IBERICA AUDITORES, S.L.P.	18.600 €	17	SI	SI	SI
AUDITA 2 PRADILLA, S.L.P.	17.700 €	10	SI	SI	SI
BM NEIRA AUDITORES, SLP	18.150 €	11	SI	SI	SI
KPMG AUDITORES, S.L.	27.000 €	32	SI	SI	SI
NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.	17.000 €	19	SI	SI	SI
AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.	21.450 €	8	SI	SI	SI
AUDITORES ASOCIADOS AAGC.S.A.P.	18.000 €	10	SI	SI	SI
SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES S.L.P.	14.700 €	11	SI	SI	SI
NETADIA EUROPA, S.L.P.	17.400 €	15	SI	SI	SI
INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	4.999,69 €	10	SI	SI	SI

Compróbanse as ofertas económicas, e segundo os criterios estipulados no prego de cláusulas administrativas, e segundo o disposto no artigo 149 da LCSP, terán a consideración de ofertas anormalmente baixas, as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe da baixa -cando concorran tres ou mais licitadores- sexan inferiores en mais de 15 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. O resultado da valoración recóllese no seguinte cadro:

LICITADORES	PROPOSTA ECONÓMICA	Variación respecto á media aritmética %	Oferta anormalmente baixa
K4 IBERICA AUDITORES, S.L.P.	18.600,00	0,54%	Non
AUDITA 2 PRADILLA, S.L.P.	17.700,00	-4,32%	Non
BM NEIRA AUDITORES, SLP	18.150,00	-1,89%	Non
KPMG AUDITORES, S.L.	27.000,00	45,95%	Non
NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.	17.000,00	-8,11%	Non
AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.	21.450,00	15,95%	Non
AUDITORES ASOCIADOS AAGC.S.A.P.	18.000,00	-2,70%	Non
SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES S.L.P.	14.700,00	-20,54%	SI
NETADIA EUROPA, S.L.P.	17.400,00	-5,95%	Non
INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	14.999,07	-18,92%	SI

Media aritmética **18.499,91**

Constátase que os licitadores SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES S.L.P e INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P incorren en valores anormais ou desproporcionados.

Polo tanto, en cumprimento do prego de condicións para a adxudicación do contrato, deuse audiencia a estes licitadores para que no prazo de 5 días hábiles xustificuen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, mediante a presentación da información e documentos que resulten pertinentes, as condicións excepcionalmente favorables, a orixinalidade das prestacións propostas e calquera outra circunstancia que xustificara o aforro que lles permite a execución do contrato polo importe ofertado, coa advertencia que de non facelo a súa oferta quedará excluída do procedemento.

Unha vez finalizado o dito prazo, procédese a estudar a documentación xustificativa das ofertas:

De acordo co artigo 102.3 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) "os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado, no momento de fixar o presuposto de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados".

O artigo 149 da LCSP "Ofertas anormalmente baixas" indica que "cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, estarase ao establecido nos pregos que

rexen o contrato, nos cales se establecerán os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto”.

Polo tanto, derívase da lexislación que debe coidarse de que o prezo do contrato sexa adecuado para o seu efectivo cumprimento, aplicando as normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. O prego de cláusulas administrativas particulares recolle os parámetros obxectivos en función dos cales se pode apreciar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormalmente baixos.

Incluindo a proposición que nos ocupa valores que de acordo co prego está incurso en presunción de anormalidade, deuse audiencia ao licitador para que “desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custes, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definira a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos” segundo o estipulado no LCSP e en particular, a xustificación non poderá ser incompleta ou fundamentarse en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico, e centrarse nos seguintes valores:

- Ao aforro que permita o procemento de fabricación, os servizos prestados u o método de construción
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras
- O respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP
- Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P

A sociedade Interpraudi Auditores y Consultores, SLP presentou unha oferta económica de 14.999,07 euros para el 2023, 2024 e 2025 o que supón unha baixa de -18,92%.

Non presenta documentación xustificativa dentro do prazo establecido.

SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES S.L.P

A sociedade Seiquer Auditores y Consultores, SLP presentou unha oferta económica de 14.700,00 euros para el 2023, 2024 e 2025 o que supón unha baixa de -20,54%.

En base a documentación presentada o licitador non acredita o cálculo ou os parámetros que aclaren as horas ofertadas e tampouco o custe por hora, polo que se desprende que o orzamento ofertado é incompleto e polo tanto non xustificando satisfactoriamente o baixo nivel do prezo proposto. Ademáis, o licitador, para fundamentar a súa redución na oferta, argumenta hipóteses de traballo non xustificadas.

Fálase de expedientes de axudas, de traballos previos de control de forma xenérica, da distancia xeográfica sen introducir o custe dos desplazamentos e dietas dos traballadores afectados e dunha experiencia sen acreditar.

Existen xustificacións confusas sobre as que non se poden emitir un xuízo e, polo tanto, darlle valor. A empresa non aporta a documentación necesaria que xustifique o custe de persoal e o prezo ofertado. Considérase que a xustificación é notoriamente insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta, nin precisa as súas condicións ou planificación do traballo ao limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

Esta situación determina que non se entenda correctamente estimada e polo tanto inadecuada para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo 102 e 149 da LCSP.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Firmado digitalmente por MARIA
ESTHER SOUTO LAREO - 33289909P
Fecha: 2023.11.29 08:37:05 +01'00'

M. Esther Souto Lareo

Técnica económico-financeira